



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 26 de decembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 20 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2b, 4b, 8, 9 e 10)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, vogal xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - 1. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 1)
 - 2. ÁNGEL LEIROS MOTOS, S.L. (lote 2)

- b) Outorgar un prazo de tres días a GRUPO ELGONSA, S.L. (lote 2) para que poida emendar a documentación presentada. Concretamente deberá presentar un novo DEUC no que declare correctamente a solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3ºdo PCAP (unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do lote -60.000,00 euros- ao que presente proposta o licitador).

Para os efectos de facilitarlle a presentación da documentación requirida, indícaselle que pode declarar que posúe a solvencia técnica esixida no PCAP respondendo afirmativamente na Parte IV "Criterios de selección"/a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido. A documentación presentada contén un único arquivo de 80 páxinas.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a un dos licitadores para emendar a documentación persoal.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 13 de decembro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 19 de decembro de 2019 a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 20 de decembro de 2019 de valoración do sobre C *"proposición avaliável mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,99
2	PRACE	94,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de tipo mixto e de tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun "SISTEMA DE XESTIÓN DE RUTAS, PUNTOS DE INTERESE E EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS, MEDIANTE O USO DE BEACONS E A SÚA INTEGRACIÓN COA APP VIGO MUNICIPAL E A PLATAFORMA SMART CITY VCI+ 2.0"

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e asinado en data 10/10/2019

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 27/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 96.800,00 €, que inclúe un IVE de 16.800,00 € , dende o 15 de Outubro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2019	11,280.99 €	53.719,01 €	65,000.00 €
9207.6400006	2020	5,519.01 €	26,280.99 €	31,800.00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Sesión do 21 de novembro de 2019: exclúese a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP "A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC".*
- *Sesión do 5 de decembro de 2019: exclúese a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.	75 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., o día 10 de decembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 23 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 4 de decembro de 2019 e do acordo da Mesa de Contratación polo que se outorga ao referido licitador a máxima puntuación pola súa proposición evaluable mediante fórmula ao ser o único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*
 - *Sesión do 21 de novembro de 2019: exclúese a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP "A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC".*
 - *Sesión do 5 de decembro de 2019: exclúese a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. (A-78.053.147) o procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) coas seguintes condicións:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O prezo total do contrato é de 75.788,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.153,40 euros.
- Propón un prezo do mantemento anual do sistema de 0 euros.
- Propón un incremento do prazo mínimo de garantía de 2 anos (total 4 anos).
- Comprométese a instalar os 85 beacons extra subministrados como repositorio coa súa configuración, parametrización e instalación nos pilotos sinalados no apartado 7.B.4 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:23	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A34D-ECC74F-EHC928-PUZCME-CBLLC5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		